

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 25 DE XANEIRO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:


D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1. - APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 3 DE 18 DE XANEIRO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 3/2016 de data 18 de xaneiro de 2016, da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local.

2.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E EFICACIA DE COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.

2.1.- Concedeuse LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para oficina bancaria na rúa Principal, 6, baixo – Lalín.



3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE.

3.1.- Acordouse aprobar o informe xurídico relativo á resolución de expediente de reposición da legalidade respecto de actividade de troceado e almacén de madeira en Hermida, 22–Filgueira-Lalín.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

4.1.- Acordouse anular os actos impugnados en virtude da resolución núm. 1137/2015 do TACRC, xuntamente co procedemento de licitación denominado “**SERVIZOS DE TELEFONÍA E INTERNET DO CONCELLO DE LALÍN**” (Lote 1: Servizos de telefonía e Internet; Lote 2: Servizos de telefonía móbil: voz e datos).

4.2.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado “**SERVIZOS DE TELEFONÍA E INTERNET DO CONCELLO DE LALÍN**” (CSE152015) - Lote 1: Servizos de telefonía fixa e internet; Lote 2: Servizos de telefonía móbil: voz e datos.

5.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

5.1.- Acordouse aprobar o Convenio de colaboración para a dinamización do Turismo entre o Concello de Lalín e a Cámara Municipal de Braga.

6.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

6.1.- Acordouse a de devolución de fianza depositada na Tesourería Municipal como garantía para responder das obras de “*Canalización de baixa tensión en Valongo/playa fluvial Vilatuxe*”.

7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

7.1.- Acordouse recoñecer a suba salarial dos alumnos-traballadores participantes no Obradoiro de Emprego “*PAZO DE LIÑARES*” con efectos de 1 de xaneiro de 2016.



7.2.- Acordouse recoñecer a obriga a favor do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular correspondente á cota anual do exercicio 2016.

7.3.- Acordouse recoñecer a obriga a favor da **Asociación de desenvolvemento Rural Terras do Deza** correspondente á cota anual do exercicio 2016.

7.4.- Acordouse recoñecer a obriga derivada do outorgamento dos premios do XXIIº Premio Nacional de Periodismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”.

7.5.- Acordouse: 1º.- Aprobar as baixas no Servizo de Axuda no Fogar modalidade para persoas en situación de dependencia. 2º.- Aprobar a ampliación no Servizo de Axuda no Fogar modalidade para persoas en situación de dependencia e 3º.- Aprobar a ALTA no Servizo de Axuda no Fogar modalidade para persoas en situación de dependencia.

7.6.- Acordouse realizar a finalidade obxecto da subvención denominada LIÑA 4. EMPREGO-PLAN CONCELLOS 2016, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

7.7.- Acordouse proceder ao cambio de titularidade do vado permanente nº 506.

7.8.- Acordouse proceder ao cambio de titularidade do vado permanente nº 321.

7.9.- Acordouse proceder ao cambio de titularidade do vado permanente nº 504.

7.10.- Acordouse proceder ao cambio de titularidade do vado permanente nº 623.

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

8.1.- Dáse conta da solicitude presentada na que solicitan autorización municipal para usar o Auditorio Municipal para o sábado día 27 de febreiro en horario de 9:45 horas a 14:00 horas e de 15:30 horas a 20:00 horas para ensayos da Escola Municipal de Ballet.

8.2.- Dáse conta da solicitude presentada na que solicita autorización municipal para utilizar o Museo “Ramón María Aller Ulloa” o sábado día 30 de xaneiro de 2016 ás 16:00 horas, para unha charla sobre a Lei 25.

8.3.- Dáse conta da solicitude presentada na que solicitan para o vindeiro 28 de xaneiro de 2016, ás 14:00 horas, a Sala de Prensa da Casa Consistorial para celebrar unha asemblea informativa sobre eleccións sindicais.



8.4.- Dáse conta do escrito presentado no que solicitan a utilización da Aula Cemit, de Xaneiro a Xuño, os luns e os mércores en horario de 11:00 a 13:00 horas, para a realización duns obradoiros de informática para dous grupos de 15 persoas maiores de 65 anos.

8.5.- Dáse conta do acordo adoptado na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local do día 18 de xaneiro de 2015, punto 8.1. e acordouse deixar sen efecto o dito acordo.

ASUNTOS POR URXENCIA.

1º.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe de 78,60 € a aboar en efectivo.

2º.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 150 € a aboar en efectivo.

3º.- Acordouse estimar a reclamación formulada aceptando de plano o desistimento da solicitude de licenza de obra para a construción de vivenda unifamiliar no lugar de Vilar, Parroquia de Soutolongo.

4º.- Acordouse aprobar a “CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS NA XLVIIIª FEIRA DO COCIDO”.

5º.- Acordouse aprobar o Proxecto de “*AMPLIACIÓN DA ÁREA DO ENTORNO DA PISCINA MUNICIPAL*”.

6º.- Acordouse acollerse á Orde para solicitar unha subvención para desenvolver o proxecto denominado “*Adquisición de equipamento e mellora do espazo medioambiental Río Pontiñas*”.

